

Lote 2: predios da zona de concentración parcelaria de Pousada.

Nº orde	Polígono predio	Superficie	Prezo de taxación
1	2-78	11 áreas e 50 centiáreas	1.500 €
2	2-84	14 áreas e 60 centiáreas	2.000 €

5. Garantías. Provisoria: 3% do valor do ben. Definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

6. Obtención de información e documentación: Concello da Pastoriza, secretaría; praza de Galicia, número 1, 27287 A Pastoriza; teléfono: 982 33 21 97; fax: 982 33 22 33 e páxina web do concello: www.apastoriza.com/servizos/tramites. Ata o día anterior hábil a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: os indicados no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas:

a) Data límite de presentación: quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP de Lugo e no *Diario Oficial de Galicia*, tomando como día para o inicio do prazo o seguinte ao da última publicación. Se coincidise sábado ou festivo o prazo finalizará o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada para o efecto na cláusula 9 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: Concello da Pastoriza (registro xeral) das 10.00 ás 14.00 horas. Prazo de Galicia, número 1, A Pastoriza, 27287.

9. Apertura das ofertas: no salón de sesións da Casa do Concello, ás doce horas do quinto día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación das proposicións, agás se coincidise sábado, nese caso, trasladarase ao día hábil seguinte.

10. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2010.

Primitivo Iglesias Sierra
Alcalde

CONCELLO DO PORRIÑO

Anuncio.

No BOP de Pontevedra, nº 28, do 11 de febreiro de 2010, publicáronse as bases e a convocatoria de

selección para a urxente selección e nomeamento funcional interino, ao abeiro do artigo 10.1º c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico de empregado público dun/dunha médico/a especialista en psiquiatría ou, no seu defecto, dun médico/a con formación teórico-práctica en saúde mental, para o desenvolvemento do Plan autonómico sobre drogodependencias, na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Porriño (UAD).

Por este anuncio, convócase o concurso-oposición para a citada selección e nomeamento indicando que o prazo de presentación de solicitudes será de 10 días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

O Porriño, 12 de febreiro de 2010.

José Nelson Santos Argibay
Alcalde

CONCELLO DE REDONDELA

Anuncio de licitación.

Publicado anuncio de licitación neste diario oficial nº 34, do 19 de febreiro, para contratar o servizo técnico de asistencia letrada en procedementos xudiciais do Concello de Redondela.

Modificados por resolución da Alcaldía con data de hoxe os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación, faise público que se procede á modificación das cláusulas 8ª, 9ª e 14ª dos ditos pregos que están publicados na páxina web do concello, na sección do perfil do contratante.

Páxina web para a obtención de información: www.redondela.es.

Redondela, 19 de febreiro de 2010.

Xaime Rei Barreiro
Alcalde

CONCELLO DE SANXENXO

Anuncio.

Resolución do 3 de febreiro de 2010 do Concello de Sanxenxo.

Provincia: Pontevedra.

Corporación: Concello de Sanxenxo.

Número de código territorial: 36051.

Oferta de emprego público correspondente o exercicio de 2010 aprobada por resolución da Alcaldía do 3 de febreiro de 2010.

-A oferta de emprego do Concello de Sanxenxo do ano 2010 inclúe nela todas as prazas vacantes non ocupadas en propiedade, polo que se vai refundir nesta oferta de emprego de 2010 a actualmente en vigor de 2007, quedando como única oferta de emprego válida esta.

-Resérvase a cota establecida no artigo 59 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

-Todos os postos ofertados serán obxecto de provisión mediante convocatoria pública que, coas súas correspondentes bases e programas, se publicará no BOP, e os seus anuncios en extracto das ditas convocatorias no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

-En Resolución da Alcaldía do 3 de febreiro de 2010 ratifícase o acordo de consolidación de emprego que afectará as convocatorias das prazas ofertadas.

Concello de Sanxenxo-Entidade local

Funcionarios de carreira (total 18).

Grupo (Lei 7/2007)	Clasificación	Denominación	Nº vacantes	Observacións
Grupo C / Subgrupo C1	Escala de Admón. xeral. Subescala administrativa. Clase administrativos/as entidade local	Administrativos/as	3	Promoción interna
Grupo C / Subgrupo C1	Escala de Admón. especial. Subescala servizos especiais. Clase policía local. Categoría Policía local.	Policía local	10	(Segundo a Lei 4/2007 cord. polic. local)
Grupo C / Subgrupo C1	Escala de Admón. especial. Subescala servizos especiais. Clase policía local. Categoría oficial	Oficial da policía local	1	Promoción interna (Segundo a Lei 4/2007 cord. polic. local)
Grupo C / Subgrupo C2	Escala de Admón. xeral. Subescala auxiliares. Clase auxiliares administrativos/as. Categoría auxiliar administrativo entidade local	Auxiliar administrativo/a	1	Promoción interna
Grupo C / Subgrupo C2	Escala de Admón. especial. Subescala de servizos especiais, clase persoal de oficinas entidade local	Oficial de oficinas	3	Promoción interna

Persoal laboral (total 34)

Nivel de titulación	Denominación do posto	Nº vacantes	Observacións
Graduado escolar ou equivalente (equiv. C2)	Oficiais de servizos	3	Promoción interna
Certificado de escolaridade ou equivalente (equiv. E)	Subalterno/a	1	
Certificado de escolaridade ou equivalente (equiv. E)	Notificador/a - subalterno/a	1	
Formación profesional, ciclo superior ou equivalente. (equiv. C1)	Xefe/a do servizo de Protección Civil	1	
Graduado escolar ou equivalente (equiv. C2)	Capataz do servizo de Protección Civil	1	
Graduado escolar ou equivalente (equiv. C2)	Oficial do servizo de Protección Civil	11	
Certificado de escolaridade ou equivalente (equiv. E)	Peón servizos varios	9	

Nivel de titulación	Denominación do posto	Nº vacantes	Observacións
Diplomatura universitaria ou equivalente (equiv. A2)	Técnico/a en medio ambiente	1	
Diplomatura universitaria ou equivalente (equiv. A2)	Técnico/a de emprego e persoal	1	
Graduado escolar ou equivalente (equiv. C2)	Auxiliar de oficinas	4	
Formación profesional, ciclo superior ou equivalente. (equiv. C1)	Delineante	1	

Sanxenxo, 3 de febreiro de 2010.

Catalina González Bea
Alcaldesa presidenta

Anuncio.

Resolución do 3 de febreiro de 2010 da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo.

Provincia: Pontevedra.

Corporación: Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo.

Número de código territorial: 36051.

Oferta de emprego público correspondente ao exercicio de 2010 aprobada por Resolución da Presidencia do 3 de febreiro de 2010.

-A oferta de emprego da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo do ano 2010 inclúe nela todas as prazas vacantes non ocupadas en propiedade, polo que se vai refundir nesta oferta de emprego de 2010 a actualmente en vigor de 2007, quedando como única oferta de emprego válida esta.

-Resérvase a cota establecida no artigo 59 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

-Todos os postos ofertados serán obxecto de provisión mediante convocatoria pública que, coas súas correspondentes bases e programas, se publicará no BOP, e os seus anuncios en extracto das ditas convocatorias no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.

-En resolución de presidencia de data de 3 de febreiro de 2010 ratifícase o acordo de consolidación de emprego que afectará as convocatorias das prazas ofertadas.

Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo OEP 2010

Funcionarios de carreira (total 1)

Grupo (Lei 7/2007)	Clasificación	Denominación	Nº vacantes	Observacións
Grupo A / Subgrupo A 2	Escala de Admón. xeral. Subescala xestión. Categoría técnico de xestión	Técnico/a de xestión	1	Segundo a Lei 7/2007